



Coñecendo os pobos, achegando culturas



RESUMO DE CURSO DE XÉNERO CON PERTINENCIA CULTURAL (FLORY YAX)

Moitas etiquetas trastornaron a nosa dignidade como seres humanos. As relacións do poder teñen varias raíces:

1. Identidade de xénero: polo feito de ser muller, teño unha identidade diferenciada
2. Identidade ou parte étnica: orixe histórica da comunidade, os indíxenas viven con máis crueldade as desigualdades porque no sistema instálase ? é inferior a min?
3. Clase social.

As manifestacións das relacións de poder son egoísmo, control, racismo, etc

O medo corta as posibilidades de esperanza, o medo ao outro se produce porque o sistema instala na cultura a estandarización, a igualdade, pero se hai tanta diversidade en que igualamos? A postura crítica vai desaparecendo porque se ha naturalizado.

As sociedades habemos naturalizado no sistema a violencia, internalizamos as culturas opresoras, ninguén está libre do sistema social, económico e patriarcal. No sistema as persoas cada vez temos menos ideas sobre a xeneralidade, somos unha peza. Coa postura non crítica alimentamos o sistema e naturalizamos as desigualdades.

Pero como vinculo o meu cambio persoal co cambio do sistema? A loita de cada uno consiste en vencer nosa propia autorepresión, xa que é máis fácil dicir ao outro/a que cambie.

No caso dos indíxenas como quitarnos a coraza da vítima? Moita da axenda política da cooperación está encamiñada a demandas pero as preguntas previas faltan.

(Nun vídeo vemos a varias mulleres que relatan as súas historias de vida)

Reflexionamos xuntos sobre:

1. Que podo facer no meu metro cadrado
2. Revisión autocrítica da miña cultura
3. Elementos culturais que nos aumentan as relacións de liberdade.

O propósito é aumentar a sensibilidade, simplemente con facer ben o meu traballo é un paso pequeno. Ser como a auga, que desde o sitio máis recóndito pode cambiar o seu ao redor.

Reflexión sobre actos de discriminación que sufrimos e despois os que fixemos, para ser conscientes da dualidade opresor/oprimido. A autoconciencia supón que non podemos aspirar a que nos reconozca os outros/as senón recoñézome a min mesmo/a. Estamos a esperar



Coñecendo os pobos, achegando culturas



grandes cambios a través da cooperación pero estamos dispostos/as a cambiar nós/as mesmos/as?

O TÉCNICO É POLÍTICO E O POLÍTICO É TÉCNICO

Como abordar unha análise de contexto pensado para pobos indíxenas e mulleres? Algunhas propostas elaboradas conxuntamente son:

1. Traballar moito coa comunidade, tendo en conta que iso non implica que sexa unha acción participativa.
2. Realizar en todo o ciclo do proxecto accións concretas de abordaxe común para que sexa un proceso sistémico.
3. Hai que interseccionar e relacionar as metodoloxías de traballo, non seguilas de forma separada.

ENFOQUE ÉTNICO CULTURAL E DE XÉNERO algo transversal ou específico?

No que respecta ao enfoque de xénero: nunha organización mixta, se é transversal é un desafío en termos metodolóxicos e se é específico o perigo é quedar só en círculos de mulleres, por iso a proposta é combinar accións mixtas con específicas.

En canto ao enfoque étnico, significa apostar pola recuperación de prácticas indíxenas, por tanto é un complemento ou unha achega para que haxa retroalimentación de culturas. É esencial abordar o racismo institucional e persoal para exporse o proceso de deconstrución. Unha das expresións do racismo é ignorar, por iso é importante crear espazos propios de pobos indíxenas e autoconciencia á vez que promovemos un proceso de reparación histórica.

IMPACTOS, RESULTADOS E INDICADORES

O obxectivo é fortalecer o movemento indíxena maya desde a autonomía.

A estratexia: desnaturalizar a violencia cara ás mulleres e indíxenas, non só explicitar procesos senón facer políticas nesa liña.

Para iso hai que lograr:

1. Decostruír as ideas de indíxena e muller.
2. Renovar liderados
3. Renovar as formas de deconstruír a opresión internalizada porque os procesos de formación non dan este resultado.



Coñecendo os pobos, achegando culturas



Por último no monitoro deberíamos engadir as contribucións que se identifiquen aos resultados de efecto do proxecto e por suposto na avaliación facer unha análise crítico.